



PREGUNTA ORAL SOBRE A XESTIÓN DOS SERVIZOS DE ORA E GRÚA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á vista de que o director da Asesoría Xurídica municipal en data 30 de xaneiro do 2017, nun informe favorable á prórroga do contrato da ORA e Grúa (que se vén efectuando desde o 30 outubro de 2015), advirte que o feito de que o artigo 35 da lei de contratos do sector público permita que continúen os efectos do contrato “*ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo*”, así como que “*iso non significa que a Administración poida actuar coma se a nulidade contractual non existira*” e que “*non parece prudente e resulta cuestionable prorrogar por máis tempo a continuación dos efectos do contrato anulado. Deberíase resolver sen máis demoras sobre a liquidación do citado contrato e a futura forma de xestión*”.

¿Cal é a data que manexa o equipo de goberno para que o Pleno se pronuncie sobre a asunción da xestión directa dos servizos da ORA e Grúa e así, no seu caso, levar a cabo a liquidación do contrato coa empresa Setex Aparki, S.A.?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

Manuel Martínez Varela
Concelleiro do Grupo Popular